



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**



Convenio de colaboración entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e a FEDERACION GALEGA POLA CULTURA MARITIMA E FLUVIAL polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto "XVI ENCONTRO DE EMBARCACIÓNS TRADICIONAIS DE GALICIA. SADA 2023"

En A Coruña, a 5 de abril de 2024

Número 20 / 2024

Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante

REUNIDOS

Dunha parte, Don Xosé Penas Corral, en representación da Deputación Provincial da Coruña

E doutra parte, Don José Luis Sacau Fontenla, en representación da FEDERACION GALEGA POLA CULTURA MARITIMA E FLUVIAL

Ambos comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración, e reunidos en presenza da Secretaria Provincial.

- 1 Que a Excelentísima Deputación provincial da Coruña e a FEDERACION GALEGA POLA CULTURA MARITIMA E FLUVIAL consideran de gran interese para a provincia financiar un proxecto de difusión do XVI encontro de embarcacións tradicionais de Galicia. Sada 2023 que consiste nunha conmemoración marítima bienal e itinerante que congrega ás diferentes tipoloxías de embarcacións tradicionais representativas do patrimonio marítimo galego, así como doutras zonas xeográficas, acompañada de actos culturais e de lecer, xornadas de conferencias, coloquios, exposicións, publicacións, música e danza tradicional, artesanía, e un longo número de actividades complementarias dirixidas ao público asistente.
- 2 Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da FEDERACION GALEGA POLA CULTURA MARITIMA E FLUVIAL, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da **FEDERACION GALEGA POLA CULTURA MARITIMA E FLUVIAL**, CIF G36231561, polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto "XVI ENCONTRO DE EMBARCACIÓNS TRADICIONAIS DE GALICIA. SADA 2023" tal e como aparecen definidas na memoria de actividades

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

O FEDERACION GALEGA POLA CULTURA MARITIMA E FLUVIAL levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

<i>PARTIDA / CONCEPTO DE GASTO</i>	<i>TOTAL €</i>
LOXÍSTICA NO MAR	16.764,68 €
Gasto de combustible para embarcacións auxiliares e de apoio ás navegacións	300,00 €
Servizo de guindastre para botadura embarcacións participantes	607,00 €
Navegación inaugural e o mar para todos na embarcacións Joaquín Vieta	600,00 €
Instalación de 3 liñas de fondeo e 72 amarres, perímetro navegación crianzas e pantalán embarque	9.559,00 €
Construción 5 zocas para actividades de navegación das crianzas	3.594,61 €
Material diverso para seguridade marítima	104,07 €
Servizo de fondeos	2.000,00 €
LOXÍSTICA EN TERRA	37.749,11 €
Aluguer furgoneta para transporte material	733,51 €
Gasto de combustible	300,00 €
Transporte liteiras para pernocta tripulantes en pabillón (Sada – Narón)	2.069,10 €
Transporte elementos expositivos	800,00 €
Aluguer dotación: carpas, haimas, mobiliario, tabiques, megafonía, wc, escenario concertos, grupo electrógeno...	31.376,50 €
Servizo de limpeza diaria durante o evento	2.000,00 €
Servizo de limpeza de carpas propias	170,00 €
Material de ferretería diverso destinado á montaxe da loxística do XVI Encontro	300,00 €
ACTIVIDADES CULTURAIS E ACTUACIÓNS MUSICAIS	39.742,30 €
CONCERTOS	25.876,00 €
Actuación musical Os d' Abaixo	3.509,00 €
Actuación musical Lenda Artabra	800,00 €
Actuación musical Habelas Hainas	2.299,00 €
Actuación musical Faltriqueira	3.300,00 €
Actuación musical Bule Bule Band	968,00 €
Producción técnica concertos, iluminación e son	15.000,00 €
ENCONTRO INFANTIL	8.914,30 €
Ludoteca Infantil: Obradoiros tradicionais en madeira (inclúe monitores)	1.815,00 €
Material para obradoiro infantil de nós mariñeiros (confección táboas explicativas)	251,80 €
Actuación infantil O Mago Paco co espectáculo Hocus Pocus	907,50 €
Actuación infantil Natalia Outeiro co espectáculo A vida Tola	1.149,50 €
Espectáculo de teatro Ghazafellos A Illa sen Tesouro	1.100,00 €
Actuación infantil Rilo&Penadique co espectáculo As do Mare	968,00 €
Obradoiro de música tradicional Debulla e Bulla	786,50 €
Obradoiro construción barquiños con madeiras á deriva	181,50 €
Actuación infantil Tropa de Trapo co espectáculo Barquiño de Pau	1.028,50 €
Actuación infantil Brais da Horta co espectáculo Consertasso na Horta	726,00 €
ANIMACIÓN DE RÚA	1.500,00 €
Pasarúas diaria música tradicional	1.500,00 €
EXPOSICIÓNS	600,00 €
Exposición de temática mariñeira	600,00 €
TALLERES E OBRADOIROS	2.852,00 €
Obradoiro de redeiras tradicional no marco do XVI Encontro	1.400,00 €
Obradoiros de cestería tradicional	1.452,00 €
SEGURIDADE NO EVENTO	8.171,44 €
Servizo de vixilancia privada durante o XVI Encontro	6.369,44 €
Elaboración e implantación do Plan de autoprotección XVI Encontro	1.452,00 €
Prima seguro accidentes de participantes roteiros	150,00 €
Prima seguro accidentes de voluntariado XVI Encontro	200,00 €
HOSPEDAXES	4.360,00 €
Hospedaxe organización e convidados evento	4.360,00 €
ARTES GRÁFICAS E IMPRENTA	14.620,80 €
Confección e seregrafiado camisetas tripulación/voluntariado e organización evento	4.368,10 €
Gallardetes- banderíns náuticos identificativos embarcacións participantes	1.069,64 €

Lona gran formato 6*2 e photocall con peana 3*2 evento	566,99 €
Impresión programación	654,32 €
Cartelería A3 XVI Encontro	211,75 €
Deseño e confección recordo conmemorativo para embarcacións participantes	1.893,00 €
Maquetación e impresión flyer + roller promocional evento	513,61 €
Deseño imaxe oficial e desenvolvemento aplicacións evento	2.252,50 €
Maquetación e impresión publicación Vida Mariñeira de Sada	2.813,78 €
Impresión sinalética XVI Encontro	277,11 €
PUBLICIDADE, DIFUSIÓN E PROMOCIÓN DO EVENTO	11.812,91 €
Páxina web XVI Encontro (deseño, xestión e actualización)	1.061,30 €
Creación vídeo promocional e publicitario XVI Encontro	605,00 €
Filmación navegación convoi rumbo XVI Encontro	1.200,00 €
Grabación, creación e montaxe de vídeo XVI Encontro (inclúe grabación aérea dron)	2.363,00 €
Campaña de publicidade en medios de comunicación	2.469,61 €
Plan de comunicación e publicidade do XVI Encontro- xornalista	4.114,00 €
GASTOS DE PERSOAL AO SERVIZO DO EVENTO	5.678,76 €
Persoal contratado ao servizo do XVI Encontro Embarcacións Tradicionais xuño- agosto (nómina + seg.social)	5.678,76 €
OUTROS APROVISIONAMENTOS, GASTOS VARIOS E OUTROS SERVIZOS	3.100,00 €
Suministros e aprovisionamentos varios destinados ao desenvolvemento do XVI Encontro	271,95 €
Creación e xestión de plataforma para reservas online de aloxamento colectivo tripulantes	889,35 €
Mantemento programa evento, reconstrución e configuración terminais impresión	96,80 €
Teléfono (terminal) organización: responsables voluntariado / loxística mar	249,38 €
3 Parellas de Walkies Motorola para coordinación voluntariado no evento	395,67 €
Reparación impresora exposición Fasquia 3D	199,65 €
Monitor 50" para proxeccións vídeos e films cultura mariñeira durante o evento	320,00 €
Outros servizos	677,20 €
TOTAL GASTOS	142.000,00 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 100.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 70,4225 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 70,4225 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/432.1/481.00, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a FEDERACION GALEGA POLA CULTURA MARITIMA E FLUVIAL obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á FEDERACION GALEGA POLA CULTURA MARITIMA E FLUVIAL. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á FEDERACION GALEGA POLA CULTURA MARITIMA E FLUVIAL nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a FEDERACION GALEGA POLA CULTURA MARITIMA E FLUVIAL deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.
3. No caso de que a FEDERACION GALEGA POLA CULTURA MARITIMA E FLUVIAL trámite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adjudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da FEDERACION GALEGA POLA CULTURA MARITIMA E FLUVIAL.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. A achega da Deputación seralle aboada á FEDERACION GALEGA POLA CULTURA MARITIMA E FLUVIAL unha vez que se presente a seguinte documentación:

- 1.-Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da FEDERACION GALEGA POLA CULTURA MARITIMA E FLUVIAL, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- 2.-Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña
- 3.-Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
- 4.-Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.

- 5.-Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- 6.- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- 7.- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a aportación de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA deberán estar realizadas entre o 1 de xaneiro de 2023 e o 31 de decembro de 2023.
2. Unha vez rematadas as actividades, a FEDERACION GALEGA POLA CULTURA MARITIMA E FLUVIAL deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo de DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á FEDERACION GALEGA POLA CULTURA MARITIMA E FLUVIAL para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á FEDERACION GALEGA POLA CULTURA MARITIMA E FLUVIAL da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola FEDERACION GALEGA POLA CULTURA MARITIMA E FLUVIAL na documentación achegada no prazo máximo de catro meses.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

- 1 A FEDERACION GALEGA POLA CULTURA MARITIMA E FLUVIAL deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
- 2 A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.
- 3 A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A FEDERACION GALEGA POLA CULTURA MARITIMA E FLUVIAL destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a FEDERACION GALEGA POLA CULTURA MARITIMA E FLUVIAL deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonante ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a FEDERACION GALEGA POLA CULTURA MARITIMA E FLUVIAL poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a FEDERACION GALEGA POLA CULTURA MARITIMA E FLUVIAL queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuiamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na Ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo periodo que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da FEDERACION GALEGA POLA CULTURA MARITIMA E FLUVIAL serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á FEDERACION GALEGA POLA CULTURA MARITIMA E FLUVIAL será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xaneiro de 2023 e o 31 de decembro de 2023, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 31 de decembro do 2024, sempre e cando exista crédito para tal fin.

2. Para o caso de que a FEDERACION GALEGA POLA CULTURA MARITIMA E FLUVIAL non poida ter presentada a xustificación **antes do día 31 de outubro de 2024**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a FEDERACION GALEGA POLA CULTURA MARITIMA E FLUVIAL perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data. A concesión da devandita prórroga, previos os informe preceptivos da Unidade Xestora, do servizo de contratación e da Intervención provincial será eventualmente realizada mediante Resolución da Presidencia da Deputación.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o

convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o da FEDERACION GALEGA POLA CULTURA MARITIMA E FLUVIAL, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial no asunto 30 en sesión celebrada o 01 de abril de 2024.

E en proba de conformidade asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

**O REPRESENTANTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA**

**O REPRESENTANTE DA
FEDERACIÓN GALEGA POLA CULTURA
MARÍTIMA E FLUVIAL**

Asdo.: Xosé Penas Corral

Asdo.: José Luis Sacau Fontenla

**A Secretaria Xeral
da Deputación Provincial da Coruña**

Asdo.: Amparo Taboada Gil